

**AYUNTAMIENTOS****GUNTÍN DE PALLARES***Edicto*

Solicitando desta Alcaldía D. ALCIDES LOPEZ MAZAIIRA, EN REPRESENTACION DE ROSENDE S.C. licenza municipal para INSTALACION DUNHA Balsa DE ZURRO E A PAVIMENTACION DOS ACCESOS Á EXPLOTACION a situar en LEBORIZ — FRANCOS cumprindo o disposto no art. 8.3 do decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA- poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Guntín, 15 de xullo de 2010.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 03865

**MURAS***Anuncio*

En fecha 15 de julio de 2010 por la Alcaldía se ha prestado aprobación al proyecto técnico de la obra "acondicionamiento y mejora de accesos a los núcleos de As Penas ( 2ª fase), Pena Grande, Pena da Leira y Perros" incluido en el PCOSM 2010 con el número 40, y con un presupuesto de ejecución por contrata de 70.547,48 euros.

En cumplimiento de lo establecido en el artículo 93 del Real Decreto Legislativo 781/1986, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local, se abre un periodo de información pública por el plazo de veinte días hábiles, a los efectos de presentación de alegaciones.

En Muras, a 15 de julio de 2010. - El Alcalde, Issam Alnagm Azzam.

R. 03838

**PARADELA**

## Anuncio de adjudicación definitiva de contratos

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adjudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

A) Organismo: Excmo. Concello de Paradelas.

B) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- Obxecto do contrato.

A) Tipo de contrato: Obra.

B) Descripción do obxecto: "PROXECTO DE CENTRALIZACIÓN, XESTIÓN E REDUCCIÓN DO GASTO ENERXÉTICO NO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELO DE PARADELA.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato: 100.000,00, IVE incluído.

5.- Adjudicación definitiva:

a) Data: 12/07/2010. (Xunta de Goberno Local).

b) Contratista: CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U.

c) Nacionalidade: Española.

d) Orzamento máximo do contrato: 100.000,00, IVE incluído.

Paradelas, a 13 de xullo de 2010.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 03862

**PORTOMARÍN***Información pública*

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 5 de abril de 2010, de aprobación da

"Ordenanza FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO POR MESAS SILLAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA"

O non presentarse reclamacións durante o periodo de exposición ó público, e dando cumprimento ó artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcríbese o texto íntegro da medida.

Ordenanza FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO POR MESAS, SILLAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.

**Artigo 1º.- Concepto.**

De conformidade co previsto no artigo 57 en relación co artigo 20.3 1), ámbolos dous da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por ocupacion de terreos de uso publico por mesas, sillas e elementos auxiliares (as sillas e mesas sexan de madeira ou aluminio sen publicidade non son admisibles elementos non autorizados por a Dirección Xeral de Patrimonio) con finalidade lucrativa, especificada nas tarifas contidas no apartado 2 do artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza

**Artigo 2º.- Obrigados ó pago.**

Están obrigados ó pago da taxa nesta ordenanza as persoas ou entidades ás que se lle outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se produciu sen a oportuna autorización.

**Artigo 3º.- Contía.**

1.- A contía da taxa regulada nesta ordenanza será fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo á superficie ocupada polos aproveitamentos expresada en metros cadrados

2.- As tarifas da taxa serán as seguintes:

A/ Por metro cadrado de superficie ocupada :

PERIODO	EUROS
ANUAL	10 M <sup>2</sup>

3.- Os efectos previstos para aplicacion do apartado 2 anterior terase en conta o seguinte:

Se o número de metros cadrados do aproveitamento non fose enteiro redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.

**Artigo 4º.-Normas de xestión.**

1.- As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo periodo de temporada ou anual autorizado.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesion do aproveitamento regulados nesta ordenanza, deberán solicitar, previamente, a correspondente licenza, realizar o depósito previo a que se refire o artigo 5.2 a) seguinte e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van a instalalr, así como un plano ou croquis detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Concello.

3.- Os servizos técnicos deste Concello, comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licenza; se se desen diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións

complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados, e, no seu caso, realizados os ingresos complementados procedentes.

4.- No caso de se denegaren as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

5.- Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se teña abonado a correspondente taxa. O incumprimento deste mandato dará lugar á non concesión da licenza, sen prexuízo do pago da taxa e das sancions e recargos que procedan.

6.- Unha vez autorizada a ocupacion enténdrase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexitimos representantes, no caso de falecemento.

7.- A presentacion de baixa surtirá efectos a partires do día primeiro do periodo natural de tempo seguinte sinalado no epigrafe da tarifa que corresponda, sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentacion de baixa determinara a obriga de continuar abonando a taxa.

8.- As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulacion da licenza.

**Artigo 5º.- Obrigacion de pago.**

1.- A obrigacion de pago da taxa regulada nesta ordenanza, nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública no momento dila correspondente licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2.- O pago desta taxa realizarase:

Por ingreso directo nas entidades bancarias sinaladas polo Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza. Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 2 da citada Lei, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenza correspondente.

b.- Tratándose de concesións de aproveitamento xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matriculas desta taxa, por anos naturais nas oficinas bancarias, desde o día 16 do mes de xaneiro ata o día 15 de febreiro.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, cuxa modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 05-04-2010, entrará en vigor o mesmo día da súa

publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día 15-07-2010 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a ordenanza fiscal poderá interpoñerse recursos contencioso-administrativo nos termos establecidos no artigo 19.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Portomarin, a 24 de xuño de 2010.- A Alcaldesa, Silvia Rodríguez Díaz.

R. 03837

—  
RIBAS DO SIL  
ANUNCIO

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 30 de xuño de 2010 os seguintes padróns correspondentes ós servizos abastecemento de auga, recollida de lixo e servizo de axuda a domicilio:

- Axuda a domicilio: Meses de maio e xuño de 2010.
- Recollida de lixo rural: 1º, 2º, 3º e 4º trimestre de 2009.
- Abastecemento de auga: 2º trimestre de 2010.

Por medio do presente faise público que durante o prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ó da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto na Secretaría deste Concello, ó obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

O mesmo tempo establécese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Que unha vez esgotado procederase o seu cobro pola vía de consiximento.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio Alcalde, polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público.

Ribas do Sil, 30 de xuño de 2010.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 03902

—  
TABOADA  
*Anuncio de cobranza*

Exposición pública do padrón de contribuíntes de suxeitos ó PADRON DE LIXO correspondentes á remesa: LIXO RURAL 2010

1º SEMESTRE e pertencentes ao período impositivo do ano 2010.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria do Concello (PRAZA GENERAL MUINELLO S/N)

PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN

Durante o prazo comprendido entre 26 de xullo de 2010 ata 27 de setembro de 2010 ou inmediato hábil posterior se aqueles foran festivos, procedera-se ó cobro en período voluntario da cota do padrón citado. Dita cobranza efectuarase en: BANCO PASTOR.

Contra o precedente acto, que pon fin á vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñerse:

1º) Ou ben, o recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que dictou o presente acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

2º) Ou ben, directamente reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

No primeiro caso, se deberá notificar a resolución no prazo dun mes, conforme co establecido no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo entón os interesados interpoñer reclamación económica-administrativa no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da desestimación presunta, consonte ao establecido no artigo 235 da Lei Xeral Tributaria.

No segundo caso, se deberá notificar a resolución no prazo dun ano (seis meses no caso de ser procedemento abreviado), entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo o interesado presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da desestimación presunta, de conformidade ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998 da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

NOTA INFORMATIVA

Normas de procedemento para o ingreso dos tributos municipais de cobro periódico por recibo do CONCELLO DE TABOADA

1.- O Concello remitirá aos domicilios fiscais dos contribuíntes un aviso de pagamento co que se deberá efectualo ingreso en calquera das oficinas das entidades de depósito autorizadas para a prestación do servizo de colaboración na xestión recadadora municipal, ata a data límite de ingreso que se sinala naquel, no horario de caixa establecido por cada entidade para o pagamento dos recibos non domiciliados.

